



www.cigservizos.org

INFORMA

A XUNTA RECÚA ANTE A PRESIÓN DOS SINDICATOS E ESTE ANO NON SE PERMITIRÁN MÁIS DOMINGOS DE APERTURA

Este xoves, 22 de abril, celebrouse o Consello da Xunta onde o goberno anunciara que ía aproba-la autorización de apertura de catro domingos e festivos máis. Previamente, nunha reunión coa Directora Xeral de Comercio, os sindicatos comunicámo-la nos total oposición a esa medida e anunciamos mobilizacións e folga, como xa vos informamos. A CIG ademais xa tiña preparada a denuncia, despois de realizar un estudo do borrador de decreto que enviara a Xunta, que demostraría a ilegalidade do procedemento seguido para impoñer estas aperturas.

Desta volta, a rapidez e contundencia coa que se actuou impediu o atropelo aos traballadores que desde as grandes empresas de distribución comercial levan anos intentando. O seu obxectivo é a liberalización total das aperturas comerciais (lembremos que no centro de Madrid, a política neoliberal xa impuxo que se abran tódolos domingos) e volverán intentalo, seguro, agora que teñen un goberno amigo das súas ansias “liberalizadoras”. Teremos que continuar atentos. Os traballadores organizados, informados e que saben loitar polos seus dereitos sempre conseguen mellores condicións laborais (lembremos tamén que no País Basco, a pesar de moitos intentos das patronais, non se abre ningún domingo ou festivo, nin sequera o Corte Inglés).

Polo tanto, en Galiza, para o que queda de ano 2010, os únicos festivos autorizados de apertura para o gran comercio son os que xa estaban marcados:

- 4 de xullo,
- 5 de decembro,
- 12 de decembro,
- 19 de decembro,
- 26 de decembro.

E xa sabedes, tódolos venres, na Coruña, as BRIGADAS DO COMERCIO DA CIG, informaranvos e axudaranvos para aclarar calquera dúbida e información en relación cos nosos dereitos.

A CIG NA RÚA!!!